

Como o futuro, o pasado témolo que adiviñar unha e outra vez. Neste sentido, reflectir aquí as importantes investigacións levadas a cabo no campo da arqueoloxía -restos, achados- vainos axudar a entender un pouco máis a nosa historia, o noso presente.

Paleolítico-Mesolítico

* **Coiro:** Atopados no ano 1956, nun lugar non precisado desta parroquia, dous machados achelenses por D. Silvino Díaz Paz, que foron depositadas no Museo Municipal de Vigo.

Neolítico-Megalítico

* **A Portela:** A 500 m. ao N. da Capela de San Cosme apareceu un machado tallado de cuarcita colorada.

* **A Portela:** No límite co municipio de Bueu existen restos de dous túmulos megalíticos. Un deles foi danado ó facerse un muro de peche dunha industria. Outro está na fraga que hai preto do cruceiro do Cristo de Castiñeiras.

Calcolítico-Campaniforme

* **Chan de Coiro (Igrexario):** Ó facer unha pista que vai da Ermida de San Cosme a Valverde atopouse un fondo de cabana, anacos de cerámicas lisas sen decoración, e outros con decoración en franxas campaniforme, un pulidor, restos de cristal de rocha e unha bola. Foi localizado por Antón Costas Iglesias.

* **Aviases (Valverde):** Nas inmediacións de Valverde, localizáronse grande cantidade de cerámicas tipo campaniforme, a meirande parte delas sen decorar. Foi localizado por Ezequiel Martínez.

Bronce

* **Rodeira:** No límite das parroquias de Coiro e Tirán na finca de Carlos Piñeiro, fronte ao ángulo E. da súa casa apareceu ó facer un pozo, unha fosa en forma de pera que tiña unha capa de terra sen identificar e restos de cerámica vermella, un pulidor e unha punta de frecha.

Arte Rupestre-Petróglifos

* **Liboreiro:** No camiño da subida ó castro a media ladeira oriental dunhas rochas con motivos cruciformes.

* **Monte do Prado** (Gondarán): Sete rochas con motivos. Dúas combinacións circulares e varios circos simples.

* **As Abelaireas** (A Portela): Combinacións de circos concéntricos.

Cultura Castrexa

* **Aldea Castro**: Ó lado esquerdo da estrada que vai de Coiro á Madalena. Atopáronse cerámicas castrexas e galaico-romanas nun pequeno espigón que sobresaia sobre a Devesa.

* **O Mato**: Localizáronse terrapléns dun pequeno castro, así como tamén moita cantidade de cerámica castrexa nos cortes das terrazas.

* **Monte da Pena** (Coiro-San Salvador).

* **Pedra Lan** (Coiro-San Salvador) comprobar.

* **Castrillón** (Coiro-San Salvador) comprobar.

* **Gruncheiras** (Coiro-San Salvador) comprobar.

Cultura Galaico-Romana

* **Pedra Lan**: Atopáronse fíbulas, moedas e aras - comprobar.

* **Romarigo**: Atopáronse cerámicas castrexas e gran cantidade de tégulas.-comprobar.

* **Praia dos Alemáns**: Fronte a Illa dos Ratos, nun corte de terreo sobre a praia, restos de ánforas e cerámica.

* **Villae de Rodeira**: Localízase contra a Illa dos Ratos sobre da costa. Pódense ollar en superficie as partes superiores das estruturas habitacionais, que se puxeron ó descuberto o facer un chalé. Nos cortes de terreo que dá á praia dos Alemáns pódense ollar remates de algúns dos muros. Obras recentes ocultaron parte das mostras a que se fai referencia.

Ánfora romana atopada en 1980.

Medieval

Igrexario (Coiro-San Salvador): Unha tapa dun sepulcro do 567. No anexo da casa reitoral.

Valverde (Coiro-San Salvador): Restos de cerámica.

Castrillón (Coiro-San Salvador): Hai covas feitas polos "mouros".